

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS OBRADOIROS DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2019/2020 NO CAMPUS DE VIGO**

En virtude do disposto na resolución reitoral do 21 de maio de 2019, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2019/2020 na base 7ª “A vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para o campus de Vigo e as vicerreitorías dos Campuses de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus poderán tomar a iniciativa de organizar obradoiros para cumprir os seus obxectivos previstos..... A Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (no campus de Vigo) ou o consello de campus (nos casos de Ourense e Pontevedra) serán informados dos obradoiros propostos”, e tendo en conta os acordos da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes de 10 de xullo de 2019, esta Reitoría RESOLVE:

Facer pública a oferta de obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2019/2020 para o campus de Vigo que figuran no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 01/12/2018 (D.O.G. do 7)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

*(asinada electronicamente)*

Natalia Caparrini Marín

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s19N0000063

CSV

GEISER-b4ec-22b2-6f2a-4693-aa9e-f755-045b-b492

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

12/09/2019 14:28:22 Horario peninsular

Validez del documento

Original



## ANEXO I

Campus	Código	Nome do obradoiro	Lugar	Límite de prazas	Límite mínimo de prazas (70% do máximo)	Duración	Créditos ECTS	Data de inicio	Horario
Vigo	2019/701	Comunícate coas mans II	Fac. de Filoloxía e Tradución. Aula A 12	20	14	30 horas	1	8 de outubro de 2019	Martes e xoves: de 16:00 a 18:00
Vigo	2019/702	Obradoiro de robótica móbil para competicións.	Edif. Fundación. Sala ADF	12	8	30 horas (20 presenciais + 10 de dedicación)	1	10 de outubro de 2019	10,11, 17, 18, e 24 de Outubro de 16:00 a 20:00
Vigo	2019/703	De Dylan a Sinistro Total. Ideoloxía e música no século XX	Edif. Miralles. Sala I	20	14	20 horas	0,7	17 de outubro de 2019	17, 21, 24 de outubro e 7, 11, 14, 18, 21, 25 e 28 de novembro de 2019 de 17:00 a 19:00
Vigo	2019/704	Identificación práctica de cogomelos	Fac. de Bioloxía. Aula 1 (1º andar-bloque B)	24	16	30 horas	1	8 de outubro de 2019	Martes: de 16:00 a 19:30 h.
Vigo	2019/705	Obradoiro de Xustiza Terapéutica e prácticas restaurativas	Fac. de CC Xurídicas. Aula 209	30	21	30 horas (20 presenciais + 10 de dedicación)	1	18 de outubro de 2019	18 e 25 de outubro 15 e 22 de novembro de 16:00 a 21:00
Vigo	2019/706	Plantas silvestres comestibles de outono: identificar, apanar e cociñar	Teoría: Edif. Miralles. Sala II Cociña: comedor da FCCEE	15	10	30 horas	1	9 de outubro de 2019	Mércores: de 16:00 a 19.00 h.
Vigo	2019/707	Introducción a agricultura ecolóxica	Fac. de CC. do mar Aula 21. Horto (detrás do CINBIO)	16	11	30 horas	1	7 de outubro de 2019	Luns: de 17:00 a 20:00 h.
Vigo	2019/708	Obradoiro básico de ukelele *	Camerinos do teatro	10	7	30 horas	1	11 de outubro de 2019	Venres: de 10:00 a 13:00
Vigo	2019/709	Aula de teatro: Iniciación ao teatro **	Edificio de deportes. Sala multiusos 1	15	-----	30 horas	1	7 de outubro de 2019	Luns: de 16:30 a 19:30 h.
Vigo	2019/710	AULA DE MUSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO ***	Teatro Roberto Vidal Bolaño (Cidade Universitaria)	20	-----	30 horas	1 (Por cuadr.)	7 de outubro de 2019	Luns de 15:00 a 18.00 h.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s19N0000063

CSV

GEISER-b4ec-22b2-6f2a-4693-aa9e-f755-045b-b492

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

12/09/2019 14:28:22 Horario peninsular

Validez del documento

Original



**PERIODO DE MATRICULA:** do 16 de setembro ao 2 de outubro de 2019.

**TAXAS DE MATRÍCULA:**

- 40 euros para o público en xeral.
- 26 euros para as persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Ao remate do obradoiro remitirase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.

**Obradoiro 2019/708 – Obradoiro básico de ukelele**

\* Imprescindible levar ukelele

**Obradoiro 2019/709 – Aula de Teatro: Iniciación ao teatro:**

\*\*Para quen o desexe, continúa no 2º cuatrimestre co obradoiro de “Posta en escena”

**Obradoiro 2019/710 – Aula de música tradicional: Canto, percusión, gaita e baile tradicional galego:**

\*\*\* É un obradoiro anual

Quen desexe o diploma acreditativo do 1º cuatrimestre deberá ter unha asistencia obrigatoria ao 85% das horas neste cuatrimestre.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s19N0000063

CSV

GEISER-b4ec-22b2-6f2a-4693-aa9e-f755-045b-b492

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

12/09/2019 14:28:22 Horario peninsular

Validez del documento

Original

